

Resumo da reunión do GT Biblioteca e Mediación (11 de marzo)

- Lembramos as datas das próximas reunións e os obxectivos que aínda temos que acadar.
- Revisamos e presentamos as fichas feitas, fixemos aportacións e decidimos dar formatos diferentes, tal e como están, indicando as linguas para as que se recomendan.
- Enviaremos aos departamentos de novo as frases para facer traducir os marca-páxinas, ou ben polo alumnado ou polo profesorado.
- Faremos a impresión do material creado á volta das vacacións de Semana Santa, para telo todo listo antes do Día do libro.
- Acordamos incorporar unha sesión de docencia a propósito dos clubs de lectura, concretaremos a persoa na vindeira reunión. Será para a data do 6 de maio, na que tiñamos prevista a reunión final.
- Presentamos o cartaz sobre a Primavera de poesía. Decidimos difundilo entre o profesorado a partir do 15 de marzo. O profesorado poderá así gravar os poemas na aula e envialos ao enderezo da biblioteca, decidimos difundilos nun Padlet, no que incorporaremos videos, co audio da lectura e o texto do poema lido. A autorización necesaria porase a disposición do profesorado, en copias na conserxería e por correo electrónico.
- O 21 de marzo publicaremos o Padlet no blog da biblioteca e nas redes sociais da EOI.
- Acordamos ir pensando en cómo facer a actividade final de conta-contos para a próxima reunión do 15 de abril.